

Actividade Extraescolar Inglés para primaria dos Centros Públicos de Mos neste curso 2024/2025

Neste curso escolar, a Concellaría de Educación ofertará de novo a actividade de Inglés –Trinity, para o alumnado de primaria como actividade extraescolar.

A actividade levarase a cabo en cada centro escolar, mantendo o día e horario do curso pasado:

Luns o CEIP Atín de 16.30 h a 17.30 h
Martes o CEIP Petelos de 16 h a 17 h
Mércores o CEIP M. Martínez Alonso de 16 h a 17 h
Xoves o CEIP Pena de Francia de 16 h a 17 h
Venres o CEIP M. Valverde Mayo de 16.15 h a 17.15 h

O alumnado dividirase en función do curso no que este e tendo en conta a proba de avaliación que se lle fará ao comezo das clases.

Os grupos trataranse de facer reducidos en función dos inscritos por curso. As clases serán dunha hora e serán impartidas por profesorado bilingüe, con gran experiencia e vocación.

O custo da actividade será de **5 €** ao mes. O material didáctico preciso (libro, caderno, etc...) se lle pedirá o alumnado no momento que comecen as clases. Os pagos se farán entre o 1 e 5 de cada mes, a través *TOKAPP*.

Ao finalizar o curso, o alumnado terá a oportunidade de realizar os exames de Trinity College London no centro examinador de referencia que Trinity College of London ten en Mos. O pago da taxa será asumido polas familias.

As clases comezarán o 1 de outubro e o prazo para inscrición na actividade será ata o 25 de setembro.

Actividade levarase a cabo dende outubro a maio incluídos.

Telefono para tutorías cos profesores: 644 242 743 indicar sempre nome do alumnado, centro e docente.

Como inscribirse na actividade:

A inscrición será na aplicación "*Tokapp School*", unha vez descargada a aplicación hai que rexistrarse e iniciar sesión. Dentro da app temos que ir a parte superior esquerda e darémoslle as tres raias que nos aparecen, unha vez clicado, aparecerá un panel, e lle damos a "extraescolares". Unha vez dentro, daráselle ao botón "**Rexistrarse**" e pedirannos o código do Concello (CONCELLOMOS), deberase elixir o colexio no que a persoa alumna está matriculada.

Unha vez metido o código pedirannos os datos persoais da nai/pai/titor/a. Unha vez cubertos os campos requiridos, daráselle a aceptar e nos pedirá os datos da persoa participante. Ao finalizar temos que ir ao apartado matrículas para proceder a inscrición da actividade.

Pago de recibos

O pago deberá facerse entre o día 1 e día 5 de cada mes. Na mesma aplicación "*Tokapp School*" teremos que ir ao apartado recibos e darémoslle a "pagar".

NOTA IMPORTANTE: Para darse de baixa na actividade, deberase solicitar pola aplicación no apartado Matrículas e terá que ser antes do día 25 de cada mes. De facelo despois, a baixa non será efectiva ata o mes seguinte.

Para calquera aclaración da aplicación podeades contactar co teléfono 644 242 743 (Patricia)